

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE OROSO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DENOMINADO MELLORA DO ILLAMENTO TÉRMICO DA ESCOLA UNITARIA DE VILACIDE

Con data 9 de outubro de 2025, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, asinou co Concello de Oroso un convenio de colaboración para o proxecto denominado "Mellora do illamento térmico da Escola Unitaria de Vilacide"

O obxectivo básico da actuación é a retirada da actual cuberta de fibrocemento e tella para a posterior colocación dun panel sándwich cuberto con tellas de cerámica rematando coa instalación de canelóns e baixantes novos, deste xeito, para mellorar a eficiencia enerxética e a drenaxe do edificio.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, coopera na realización das actuacións mediante a achega máxima de CORENTA E TRES MIL SEISCENTOS VINTE EUROS CON DEZ CÉNTIMOS (43.620,10€) con cargo a seguinte aplicación orzamentaria 05.04.141A.761.1 (CP 2015 00168).

Esta cantidade representa o 100% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio. O compromiso de gasto contabilizouse o 14 de outubro de 2025 na referencia 2025.05.1395 (índice 2) e número de operación 11 20250520012128

O Concello de Oroso interesa unha ampliación dos prazos para a execución das actuacións, presentación da documentación xustificativa e de vixencia do convenio.

Á vista desta solicitude, con data 13 de novembro de 2025 réunese a Comisión Mixta prevista na cláusula décimo cuarta para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio asinado entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Oroso para a execución do proxecto denominado "Mellora do illamento térmico da Escola Unitaria de Vilacide"

Entre as funcións atribuídas á comisión mixta polo convenio atópanse a de propoñer, de ser o caso, addendas.

A Comisión estuda a proposta do Concello, e entende que para tal fin procede a formalización dunha addenda que recolla a:

- A modificación dos prazos establecidos, para a execución das actuacións, presentación da documentación xustificativa e do prazo de vixencia do convenio, establecidos No apartado terceiro da cláusula sexta e na cláusula décimo sexta, ata o día 15 de decembro de 2025.

En vista do exposto,

ACORDO



1. Iniciar os trámites en orde á formalización da addenda ao Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Oroso para o proxecto denominado "Mellora do illamento térmico da Escola Unitaria de Vilacide"
2. Solicitar informe á Asesoría Xurídica, e á Intervención Delegada.

Santiago de Compostela,

O directora xeral de Administración Local

(documento asinado dixitalmente á marxe)

Natalia Prieto Viso

